

CONCELLO DE BECERREÁ*Anuncio.*

No BOP de Lugo nº 261, do 12 de novembro de 2008, publícanse integramente a convocatoria e as bases para a selección de persoal laboral fixo para un posto de traballo de traballador/a social, mediante oposición libre, aprobadas por resolución da Alcaldía do 29 de outubro de 2008.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOE.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria faranse públicos no BOP de Lugo ou no taboleiro de anuncios do Concello.

Becerreá, 17 de novembro de 2008.

O alcalde
Rubricado

CONCELLO DE BEGONTE*Anuncio da oferta de emprego público do exercicio 2008.*

Por resolución da Alcaldía do 30 de outubro de 2008, apróbase a oferta de emprego público correspondente ao exercicio 2008, segundo o acordo plenario do 3 de outubro de 2008, polo que se modifica o cadro de persoal e a relación de postos de traballo deste concello.

Persoal funcionario de carreira. Acceso libre.

Grupo: A2.

Escala: administración especial.

Subescala: técnica.

Denominación: traballador/a social.

Titulación: diplomado/a en traballo social ou asistente social.

Número de vacantes: 1.

Persoal laboral fixo. Acceso libre.

Titulación: non se exige.

Denominación: peón de servizos.

Número de vacantes: 1.

Begonte, 20 de novembro de 2008.

José Antonio Vázquez García
Alcalde presidente

CONCELLO DE FISTERRA*Edicto.*

MJ Domínguez Buituron, S.C., solicita o cambio de titular da licenza de café bar no Paseo de Calafigueira.

Sométese a información pública 20 días, a partir do seguinte ao da publicación no DOG, para efectos de reclamacións.

Fisterra, 7 de novembro de 2008.

José Manuel Traba Fernández
Alcalde-presidente

Edicto.

Antonio Marcote Boulosa solicita licenza de café bar e restaurante na rúa Alcalde Fernández.

Sométese a información pública 20 días, a partir do seguinte ao da publicación no DOG, para efectos de reclamacións.

Fisterra, 10 de novembro de 2008.

José Manuel Traba Fernández
Alcalde-presidente

CONCELLO DA FONSGRADA*Edicto.*

Solicitando desta Alcaldía José Luis López Rodríguez, con DNI nº 76567748-N, licenza municipal para reforma de almacén para instalación de fosa de xurro, para situar en Freixo (A Fonsagrada), cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, que comezarán a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, co fin de que poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A Fonsagrada, 18 de novembro de 2008.

O alcalde
Rubricado